



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Introdución aos Estudos Literarios | Código | 613G02005 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuadrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Rodriguez Gonzalez, Olivia | Correo electrónico | olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es | |
| Profesorado | Paz Gago, Jose Maria Rodriguez Gonzalez, Olivia | Correo electrónico | jose.maria.paz.gago@udc.es olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Conceptos básicos no estudo da literatura: xéneros, movementos e técnicas de análise literaria. | | | |



| | |
|-----------------------------|---|
| Plan de continxencia | <p>1. Modificacións nos contidos Non será necesaria modificación algunha.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: Sesións maxistrais, Lecturas e Recensións bibliográficas. As tres, avaliábeis. Todas as actividades tuteladas desde a aula reciben o nome de Obradoiro (avaliábeis) e inclúen diversas metodoloxías indicadas na guía docente, tales como Análise de fontes documentais, Resumos, Esquemas, Aprendizaxe colaborativa e Prácticas a través de TIC.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Presentación oral de traballos e Proba mixta. Como metodoloxías avaliábeis, serán substituídas por traballos tutelados escritos, que os estudantes entregarán a través do correo electrónico ou das canles electrónicas dispoñibles, como Teams, Moodle, etc.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico: Diariamente para realizar consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados. Moodle: Diariamente, de acordo coa necesidade do alumnado. Disponse de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as actividades de obradoiro, lecturas, recensións ou traballos tutelados. Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. De 1 a 2 sesións semanais (ou máis, segundo o demande o alumnado) para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado ás necesidades da aprendizaxe do alumnado para desenvolver o traballo da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación A presentación oral de traballos (10% da nota) e a proba mixta (50% da nota) serán substituídas por traballos tutelados escritos (que suporán o 60% da nota ou, no caso de non existir avaliación continua, o 100%). Enténdese por avaliación continua: a participación na Sesión maxistral (5% da nota) e as actividades na aula que se especifican na Metodoloxía (35%). Ata onde sexa posible, as actividades realizadas ata o momento de entrada en vixencia do plan de continxencia serán tidas en conta a efectos de avaliación continua. En relación cos traballos tutelados valorarase: 1. O tratamento axeitado dos contidos do curso 2. A habilidade para o comentario literario. 3. A utilización de fontes documentais da bibliografía e webgrafía da materia, así como doutros recursos, aos que en todo momento o estudante fará referencia. 4. A competencia lingüística suficiente para unha redacción apropiada.</p> <p>*Observacións de avaliación: Seguirán sendo válidas as indicadas na guía docente, pero aplicadas aos cambios explicados no apartado anterior.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se requiren modificacións neste punto.</p> |
|-----------------------------|---|

Competencias / Resultados do título

| | |
|---------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
|---------------|--|

Resultados da aprendizaxe

| | |
|----------------------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |
|----------------------------------|--|



| | | | |
|--|-----------------|-----|----|
| Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. | A1 A9 A11 | | |
| Coñecer as correntes teóricas da ciencia literaria | A3 | | |
| Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. | A10 | | |
| Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa. | A7 | | |
| Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. | A10 | | |
| Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. | A14 | | |
| Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica. | A15 | | |
| Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española. | A5 | B4 | |
| Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. | | B1 | |
| Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas. | | B2 | |
| Adquirir capacidade de autoformación. | | B3 | |
| Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. | | B5 | |
| Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. | | B6 | |
| Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. | | B7 | |
| Apreciar a diversidade. | | B8 | |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | | B9 | |
| Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional. | | B10 | |
| Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. | | | C1 |
| Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. | | | C3 |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. | | B4 | C4 |
| Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. | | | C5 |
| Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. | | | C7 |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | | | C8 |
| Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. | | | C6 |
| Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. | A2 | | |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. Fundamentos dos estudos literarios | -Obxecto e método -Dominios da ciencia literaria -Lingua e comunicación literarias -Periodización literaria -Xéneros literarios |
| 2. Panorama histórico da Teoría literaria. Primeira parte | - Antigüidade Clásica - Idade Media e Clasicismo |
| 3. Panorama histórico da Teoría literaria. Segunda parte | - Romanticismo. Positivismo - Principais correntes dos ss. XX-XXI |



| | |
|-----------------|--|
| 4. A lírica | -Concepcións da lírica e xéneros históricos -Métrica e retórica -Teoría da función poética -Enunciación e pragmática líricas |
| 5. A narrativa | - Narración, historia e relato / discurso - Modalización narrativa - Temporalización e espacialización narrativas - O personaxe narrativo - Xéneros históricos |
| 6. A dramática. | -Texto e espectáculo -Tempo e espazo -Personaxe e público -Teoría aristotélica da traxedia |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Análise de fontes documentais | B1 C3 | 1 | 2 | 3 |
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 B3 B5 C1 C4 | 21 | 30 | 51 |
| Resumo | A1 B7 C1 | 1 | 3 | 4 |
| Aprendizaxe colaborativa | A1 A2 B8 B10 C4 | 1 | 3 | 4 |
| Presentación oral | A1 A2 A5 A15 B2 B5 B6 B8 B9 C1 C3 C4 C6 | 1 | 1 | 2 |
| Obradoiro | A1 A2 A7 A9 A11 A14 B3 B4 C5 C6 | 4 | 4 | 8 |
| Esquemas | A2 A10 B7 | 1 | 3 | 4 |
| Recensión bibliográfica | A1 A2 A7 B7 C1 | 1 | 8 | 9 |
| Lecturas | A5 A7 A14 B1 C7 | 1 | 40 | 41 |
| Proba mixta | A1 A2 A3 A5 A7 A14 | 2 | 12 | 14 |
| Prácticas a través de TIC | A14 A15 B5 B6 B7 B9 B10 C1 C8 | 1 | 6 | 7 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Análise de fontes documentais | Para a elaboración de traballos procuraranse documentos diversos que serán especificados na aula polo profesor ou a profesora |
| Sesión maxistral | Sesións de exposición oral por parte do profesor ou profesora, que se esforzarán en transmitir contidos relevantes, aclarando dúbidas xurdidas. É a parte máis importante na transmisión de coñecementos. |
| Resumo | Práctica que acompaña a elaboración de esquemas |
| Aprendizaxe colaborativa | O alumnado utilizará distintas ferramentas de documentación para solucionar problemas e atopar resultados en común |



| | |
|---------------------------|--|
| Presentación oral | O alumnado escollerá unha obra literaria entre as propostas na aula para o traballo en grupo, e as súas conclusións serán expostas oral e publicamente. |
| Obradoiro | Traballo na aula sobre distintas cuestións que presenta o fenómeno literario. |
| Esquemas | Práctica para a constatación dunha boa lectura de artigos, capítulos e outros textos documentais. |
| Recensión bibliográfica | As obras literarias asignadas a cada estudante serán obxecto de recensión seguindo as pautas dadas na aula |
| Lecturas | É a metodoloxía fundamental para iniciarse no estudo da literatura: haberá lecturas teóricas e lecturas de obras literarias. |
| Proba mixta | Trátase dunha proba escrita que poderá constar tanto de respostas longas e ben argumentadas, como de respostas breves e tipo test, así como de comentarios de breves textos teóricos ou literarios. Na primeira convocatoria referirase á parte teórica da materia. Na segunda convocatoria, incluírá tamén exercicios prácticos para os que non superen as prácticas de aula. |
| Prácticas a través de TIC | A investigación literaria debe moito ás TIC, imprescindibles para acopio de datos e relación de fenómenos. Realizaranse, se é posible, prácticas na aula net. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Resumo Análise de fontes documentais Esquemas Obradoiro Recensión bibliográfica | A atención personalizada levarase a cabo en función das necesidades do grupo de alumnos/as ou do/a estudante en particular, tanto na aula como a través do correo electrónico, o uso da plataforma moodle, ou o diálogo real en horas de atención ao estudante. Para que se realice axeitadamente, é indispensable que o alumnado acuda ás aulas e participe activamente nelas. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-------------------------|---|--|---------------|
| Proba mixta | A1 A2 A3 A5 A7 A14 | Cualificación na proba ou exame teórico | 50 |
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 B3 B5 C1 C4 | A participación do estudantado na aula da sesión maxistral será tida en conta na avaliación do curso | 5 |
| Presentación oral | A1 A2 A5 A15 B2 B5 B6 B8 B9 C1 C3 C4 C6 | Terase en conta na súa avaliación o coñecemento da materia que o/a alumno/a demostre, así como a súa habilidade comunicativa e dominio da lingua oral na exposición na aula. | 10 |
| Obradoiro | A1 A2 A7 A9 A11 A14 B3 B4 C5 C6 | Na aula de prácticas se avaliará o proceso de traballo individual e en equipo | 10 |
| Lecturas | A5 A7 A14 B1 C7 | Avaliarase o traballo de lectura realizado polo/a alumno/a | 10 |
| Recensión bibliográfica | A1 A2 A7 B7 C1 | Avaliación da resposta do alumnado no referente ao seguimento da orientación exposta na aula pola profesora ou profesor, para a realización de recensións, fichas ou comentarios de lecturas | 15 |

Observacións avaliación



1) Na 1º oportunidade realizarase unha proba mixta, cuxa nota se unirá á obtida nos traballos prácticos levados a cabo polo estudante durante o curso (o calendario de presentación de traballos será explicado polo docente ao inicio do curso). Dun deses traballos farase unha presentación oral na aula durante o curso.

Nesta 1º oportunidade, será considerado NP o/a alumno/a que non se presente á proba mixta, aínda que teña realizado os traballos prácticos durante o curso.

2) Na 2º oportunidade realizarase un exame que constará dunha parte teórica e outra práctica.

3) O/a estudante que se presente á convocatoria adiantada (en decembro) deberá axustarse ás normas que rexen para a 2º oportunidade (a de xullo).

4) O/a estudante deberá obter unha nota mínima de 4 na proba mixta para poder facer a media coa parte práctica do curso.

5) Repetidores/as ou alumnos/as con exención de asistencia, por razóns laborais ou doutra índole, deberán poñerse en contacto co docente ao inicio do curso -e non máis tarde- para a organización da súa docencia. No relativo ás prácticas, confeccionarase un calendario de entrega adaptado ás necesidades do/a estudante en concreto. Tamén se programarán titorías presenciais e non presenciais para cursar satisfactoriamente a materia.

6) As probas escritas e os traballos deben realizarse con corrección lingüística: o docente baixará a nota por erros de acentuación, ortografía, puntuación ou concordancia sintáctica. Ou por redundancias excesivas, falta de precisión ou pobreza léxica, uso de abreviaturas ou utilización dun rexistro non formal.

Os traballos nos que o alumnado plaxie serán penalizados cunha nota de 0,00. O docente ten á súa disposición a aplicación informática da UDC para a detección de plaxios.

Fontes de información



Bibliografía básica

- CABO ASEGUINOLAZA, Fernando / RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro (2006). Manual de Teoría de la Literatura. Madrid. Castalia
 - GARRIDO GALLARDO, M. A. dir. (2009). El lenguaje literario. Vocabulario crítico. Madrid, Síntesis
 - GARRIDO, Miguel Ángel (2000). Nueva introducción a la teoría de la literatura. Madrid, Síntesis
 - GUILLÉN, Claudio, (2005). Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la literatura comparada. Barcelona. Tusquets
 - GUTIÉRREZ CARBAJO, Francisco (2002). Movimientos y épocas literarias. Madrid, UNED
 - SILVA, Vítor Manuel de Aguiar e (200). Teoria e metodologia literárias. Lisboa, Universidade Aberta
 - VILLANUEVA, Darío (1994). Curso de teoría de la literatura. Madrid. Taurus
 - VIÑAS PIQUER, David (2002). Historia de la crítica literaria. Barcelona. Ariel
 - PAZ GAGO, José María (1995). Semiótica del Quijote. Teoría y práctica de la ficción narrativa. Amsterdam y Atlanta: Rodopi
 - PAZ GAGO, José María (1999). La recepción del poema. Pragmática del texto poético. Kassel: Reichenberger
 - PAZ GAGO, José María (2012). La revolución espectacular. El teatro de Valle-Inclán en la escena mundial. Madrid y Barcelona: Castalia
- O PROFESOR INDICARÁ NA AULA AS OBRAS LITERARIAS QUE CADA ALUMNO DEBERÁ LEER. TÍTULOS POSIBLES, ENTRE OTROS, SON:
- LÍRICA: George G. Byron, *Baron* (1788-1924), *Poemas escogidos* Charles Baudelaire, *Les fleurs du mal* (1857), *As flores do mal*, *Las flores del mal* Gustavo Adolfo Bécquer, *Rimas* (1859-1870) Rosalía de Castro, *En las orillas del Sar* (1884) Thomas S. Eliot, *The Waste Land*, *La tierra baldía/ estéril* (1922) Dylan Thomas, *The Poems* (1934-1952), *Poemas* Luís Seoane, *Fardel do esilado* (1952) Pier Paolo Pasolini, *Le ceneri di Gramsci* (1957), *Las cenizas de Gramsci* Xosé Luís Méndez Ferrín, *Con pólvora e magnolias* (1976) Luz Pozo Garza, *As arpas de Iwerddon* (2005) Valente, José Ángel, *Poesía* (Visor, 20013) Yolanda Castaño, *Un cobertizo lleno de significados sospechosos* (Antología bilingüe) (2020). TEATRO: Eurípides, *Electra* (s. V a C.) Ramón del Valle Inclán, *Divinas palabras* (1920), *Luces de Bohemia* (1920, 1924) Luigi Pirandello, *Sei personaggi in cerca d'autore* (1921), *Seis personaxes na procura de autor*, *Seis personajes en busca de autor* Bertoldt Brecht, *Mutter Courage und ihre Kinder* (1939-1949), *Madre Coraje y sus hijos*, *Nai Coraxe e mais os seus fillos* Jonh B. Prietsley, *An inspector calls* (1946), *Llama un inspector / Ha llegado un inspector*, *Chama un inspector*. Arthur Miller, *Death of a salesman* (1949), *A morte dun viaxante*, *La muerte de un viajante*. Roberto Vidal Bolaño, *Doentes* (1998) Juan Mayorga, *Himmelweg*. Camino del cielo (2003) Rubén Ruibal, *Limpeza de sangue* (2006) NARRATIVA: Miguel de Cervantes, *Don Quijote de la Mancha* (1605, 1615) Charles Dickens, *A tale of two cities* (1859), *Historia de dos ciudades* Charles Dickens, *Great Expectations* (1861), *Grandes esperanzas* (trad. galega por Isabel Soto), *Grandes esperanzas*. León Tolstoi, *Smert Ivana Ilyichá*, *A morte de Iván Ilich*, *La muerte de Iván Illich* (1886) Emilia Pardo Bazán (ss. XIX-XX, 2018), *El encaje roto: antología de cuentos de violencia contra las mujeres*. Franz Kafka, *Das Schloß* (1922), *El Castillo* John Dos Passos, *Manhatan Transfer* (1925) Vicente Risco, *O porco de pé* (1928) Rafael Dieste, *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943) Gonzalo Torrente Ballester, *Don Juan* (1963) Julio Cortázar, *Todos los fuegos el fuego* (1966) Friedrich Dürrematt, *Das Sterben der Pythia* (1976), *La muerte de la Pitia* Carme Riera, *Dins el darrer blau* (1994), *En el último azul* Begoña Caamaño, *Circe ou o pracer azul* (2009) Eva Moreda, *A Veiga é como un tempo distinto* (2011) ENSAIO LITERARIO: Shelley, P.B., *Ensayos escogidos* (1792-1822) Azorín, *Al margen de los clásicos* (1915) Valle-Inclán, Ramón del, *La lámpara maravillosa* (1916) Antonio Machado, *Juan de Mairena* (1936) Mario Vargas Llosa, *La verdad de las mentiras. Ensayos sobre la novela moderna* (1990) Gonzalo Torrente Ballester, *El Quijote como juego* (1975) Casares, Carlos, *Un país de palabras*, *Galaxia*, Vigo (1998) RECURSOS DIXITAIS (revisados en xullo de 2019) Biblioteca Virtual Galega (Literatura galega), Universidade da Coruña: [http://bvg.udc.es/Biblioteca Virtual](http://bvg.udc.es/BibliotecaVirtual) Cervantes (Literatura española, iberoamericana, galega, catalá, etc.), Universidade de Murcia: , <http://www.cervantesvirtual.com/PortalLiteratura> Vasca: <http://www.basqueliterature.com/es/loturak/euskalit> Literatura catalá en líña: [http://www.lletra.com/Biblioteques Virtuais](http://www.lletra.com/BibliotequesVirtuais) en inglés (Literatura angloamericana e traducións doutras literaturas): http://www.online-literature.com/author_index.php <http://www.bartleby.com/authors> <http://www.bibliomania.com/bibliomania-static/index.html> Diccionario galego RAG: <http://academia.gal/diccionario#inicio.do> Diccionario español RAE: <http://buscon.rae.es/drae/> Diccionario inglés: <http://www.wordreference.com/es/> Teoría literaria en Internet: Casas, Arturo (2012 [2002]). *Bibliografía sistemática de Teoría literaria. Número monográfico do Boletín Galego de Literatura: 26. reedición en poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. http://www.poesiagalega.org/uploads/media/casas_2002_biblteorialit.pdf Glosario de narrativa, extraído de

Darío Villanueva, Comentario de textos narrativos: la novela . Gijón: Ediciones Júcar, págs 181-201:<http://faculty.washington.edu/petersen/321/narrtrms.htm>Retórica: The Forest of Rhetoric. Silva Rhetoricae:<http://humanities.byu.edu/rhetoric/silva.htm>A isto engádense Páxinas web de fundacións e persoais de autores (procura en buscadores)



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía complementaria | <p>- CASAS VALES, Arturo (coord.) (2013). Valle-Inclán: Comparative and Thematic Approaches En Casas Vales, Arturo (coord.). Ramón del Valle-Inclán Studies [2]. Monográfico de Forum for World Literature Studies, 5/1, 2013: 52-53.. Shanghai (China). Shangay Normal University</p> <p>- GARCÍA BARRIENTOS, José Luis (2003). Cómo se comenta una obra de teatro. Ensayo de método. Madrid, Síntesis</p> <p>- LUJÁN ATIENZA, Ángel Luis (1999). Cómo se comenta un poema. Madrid, Síntesis</p> <p>- MADRENAS, Dolores / RODRÍGUEZ, Olivia (2003). Del Romanticismo a la Posmodernidad: Ensayo. Madrid. Laberinto</p> <p>- RODRÍGUEZ, Olivia (1997). Os camiños narrativos de Vicente Risco?. Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996: 149-161. Vigo. Galaxia</p> <p>- RODRÍGUEZ, Olivia (2005). Técnicas narrativas nos contos de Emilia Pardo Bazán. En II Simposio Emilia Pardo Bazán. A Coruña. Real Academia Galega</p> <p>- RODRÍGUEZ, Olivia (2017). La elección del artista: el camino estético de Valle-Inclán. En Valle-Inclán. La lámpara maravillosa. Edición facsímil. Santiago de Compostela. Alvarellos</p> <p>- VILLANUEVA, Darío (2006). El comentario de texto narrativo: cuento y novela. Madrid. Mare Nostrum</p> <p>PARA CADA UN DOS TEMAS INDICARASE UNHA BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA E ACTUALIZADA PARA USO PERSOAL DO ALUMNO EN FUTUROS TRABALLOS.</p> |
|------------------------------------|--|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Antes de comezar o curso, ler unha introdución á Teoría literaria das que se indican na Bibliografía básica. Ir a clase.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías